



O retorno do corazón

Fundaxes · Martín Veiga ·
Espiral Maior, 2007 · 68 páx. ·
14 euros

“*Non hai
presente aquí
/ nin futuro.
/ Só está o
pasado / crebadizo /
con reliquias / torres
trabadas polo vento /
castelos con pantasmas
falsas / canteiras e
minas / balorentas /
e un pobo impotente
/ enfermo pola
endogamia / a teimar na
carcasa / dunha vella
canción.*”

Así, con estes versos, Martín Veiga culmina a mensaxe que no libro debulla sen abandonar nunca o carozo principal: a dor polo tempo perdido da infancia, aquela época dourada en que a vida ofrecía froitos de sabor intenso, aromas e texturas imposíbeis de emular. A memoria dos tempos idos é o tema principal da obra, a lembranza daquelas vivencias en que a persoa se funda, o tempo en que o eu, aínda permeábel e poroso, se empapa coa densa realidade dunha chuvia e dunha terra mitificadas na madurez. Estes grandes impactos emocionais, como imperecedoiros cráteres dun astro en movemento inerte, son as pedras preciosas de Fundaxes. Desde un ton esencialmente melancólico, o pasado é un tesouro inaprensíbel (“Quen sabe / o que significa procurar / un tempo inexistente?”) e o presente só se xustifica como soporte da memoria (“Onde a memoria habita / onde aínda permanezo”).

O pasado poetizado semella situarse no contexto dos anos setenta. Non só pola idade de Veiga, mais

polo coñecemento da vida nunha Galiza rural que comezaba a industrializarse. Si, a vida destes rapaces que nos criamos cos aloumiños dunha aínda abundosa xeración de vellos monolingües, os avós de sacho e arado de pau: “as mans endurecidas / polo trato con gadañas / forçadas / fouciños / a importancia outorgada / ás pequenas cousas / que conforman un xeito de vivir un vello país / un país desgastado / o meu”. E o meu, teño que dicir. Porque sinto que fomos fundidos na mesma época, e participamos en certo sentido da mesma aliaxe, sobre todo cando ob-



servo as crianzas da xeración seguinte e reparo en todo o que naquelas aldeas vivimos e xa haberemos de transmitir con palabras.

Noutro sentido, o pesimismo inherente a tanta reivindicación do pasado é capaz de ser unha carga emotiva demasiado reincidente ao longo da obra. O verso de sintaxe implacablemente truncada, como para querer alixeirar co ritmo o pesado contido emocional, xoga en ocasións en contra dos poemas. No entanto, poemas como “Cinza”, ou mellor aínda, “Orixes”, dedicado a Seamus Heaney, constitúen acertos claramente sobresaíntes no contexto da poesía actual.

// **Alfredo Ferreiro**